



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Apertura do trámite de consulta pública previa para tramitar a aprobación da modificación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Miño

A Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Miño en vigor foi aprobada definitivamente o 19.09.2008 (BOP núm. 216).

Ao transcorreren xa 16 anos dende a súa entrada en vigor e tras os cambios, non só normativos, senón tamén da economía, do turismo e da sociedade en xeral, cómpre actualizar o dito texto e adaptalo ás necesidades que existen na actualidade.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o artigo 4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia atribúenlles expresamente a potestade regulamentaria aos municipios.

Pola súa banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria dos órganos de goberno locais.

Segundo.- A competencia, necesidade e idoneidade da modificación da ordenanza para instalación de terrazas do concello de Miño están xustificadas polas necesidades que se describen no apartado anterior desta resolución.

Terceiro.- En relación coa tramitación dos anteproxectos de lei ou de regulamentos cómpre ter en conta o disposto na LPACAP que regula no seu artigo 133 a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. En concreto, o seu apartado 1º dispón:

“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, realizarase unha consulta pública, a través do portal WEB da administración competente na que se recadará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma sobre:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.”

Polo exposto, esta **Alcaldía**, no uso das atribucións legalmente conferidas, **RESOLVO**:

Primeiro. Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP, para a redacción, tramitación e aprobación da modificación da ordenanza de instalación de terrazas no municipio de Miño, a través do portal de transparencia do Concello de Miño (https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/portal_transparencia/) e no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello de Miño, durante un prazo de 20 días hábiles, que se contarán dende a súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan achegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo 1 deste acordo.



Segundo. Dar traslado deste acordo ao servizo correspondente para a posta en marcha do trámite de consulta a través do portal de transparencia da sede electrónica municipal.

Terceiro. Comunicar este acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia.

ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

Antecedentes

En cumprimento do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á elaboración e aprobación da modificación da ordenanza para instalación de terrazas no municipio de Miño, realizarase unha consulta pública a través do portal web (portal de transparencia e sede electrónica) deste Concello para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os apartados seguintes:

A) Problemas que se pretenden solucionar coa norma

Con esta ordenanza preténdese regular a instalación de terrazas nos espazos de uso público, regulando o réxime xurídico da utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación temporal do solo da vía pública, posto que as terrazas ao aire libre nos locais de hostalería teñen cada día máis demanda ao longo de todo o ano.

O obxectivo da norma é dar resposta aos lexítimos intereses económicos do sector da hostalería e de lecer da cidadanía conxugándoos co dereito da veciñanza ao uso deste espazo público, ao libre tránsito por el e ao seu goce, en especial garantindo o principio de accesibilidade universal para todas as persoas e a seguridade nas vías públicas.

As terrazas contribúen ao entretemento e lecer da cidadanía, funcionando como un espazo de socialización, ao mesmo tempo que son fonte xeradora de emprego e elementos dinamizadores da economía e o fomento do turismo. Non obstante, o seu establecemento e instalación debe realizarse dunha forma ordenada, o que obriga a implantar unha serie de límites ao seu exercicio co fin de garantir a protección dos dereitos da cidadanía relativos ao uso deses espazos públicos, á seguridade pública, á tranquilidade e o descanso, á accesibilidade, así como á protección do medio ambiente e da paisaxe urbana.

B) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

É necesaria a modificación da ordenanza para tratar de ofrecer unha regulación axeitada no tocante á instalación das terrazas, ponderando todos os intereses que conflúen neste tipo de ocupación de vía pública, para evitar na medida do posible conflitos de interese e tratando de conciliar os dereitos da veciñanza e dos hostaleiros.

C) Obxectivos da norma

O obxectivo da norma é dar resposta aos lexítimos intereses económicos do sector da hostalería e de lecer da cidadanía conxugándoos co dereito da veciñanza ao uso deste espazo público, ao libre tránsito por el e ao seu goce, en especial garantindo o principio de accesibilidade universal para todas as persoas e a seguridade nas vías públicas.

Tamén son finalidades desta nova ordenanza as de establecer criterios de delimitación e acondicionamento das terrazas e do seu mobiliario, a regulación dos horarios de funcionamento, sempre respectando a normativa específica ou sectorial de aplicación, e buscando a coherencia con outras ordenanzas municipais vixentes.

Así mesmo, búscase dotar de seguridade xurídica a instalación de terrazas, establecendo con



claridade os requisitos que deben reunir os establecementos para solicitar a pertinente autorización, así como o procedemento para a súa tramitación.

Así mesmo, deberán regularse as formas de extinción, modificación e suspensión das autorizacións, as potestades de vixilancia e inspección municipais e o réxime sancionador.

D) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

A configuración constitucional do dominio público prevista no artigo 132 comporta que calquera acto de ocupación dos terreos e espazos que pretenda realizarse por particulares nos mesmos estará suxeito á autorización expresa da Administración, sempre e cando a ocupación implique un uso ou aproveitamento especial, tal e como se desprende dos arts. 75.1 e 77 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia establece que para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público é precisa a obtención de licenza municipal, debido á concorrencia de razóns de orde público, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente (art. 41, apartado b).

O art. 42 ter da Lei 9/2013 establece o procedemento para a tramitación da licenza municipal para a instalación de terrazas.

- Lei 7/1985 de 2 abril, reguladora das bases do réxime local.

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, modificada pola Disposición final primeira da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (art. 20.3, letra l).

- Lei 33/2003 de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

- Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

- Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

- Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados (art. 33.3).

A solución alternativa é atender so á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (art. 42 ter) e á normativa anteriormente descrita.

Non obstante, quedarían cuestións sen regular esenciais. É necesaria a aprobación da ordenanza para dar resposta ás demandas do sector hostaleiro respectando a mobilidade peonil e outros dereitos da veciñanza.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. A secretaria municipal

Alejandra Rodríguez Menéndez

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.